



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA  
ONCE DE ABRIL DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO (Escusa asistencia) D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA (Escusa asistencia) D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día once de abril de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (12/03/2024).**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día doce de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Comunicación de obra de dona María Sánchez Enjamio. (Expediente número 2024/U026/000011)

Dáse conta ditado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Sánchez Enjamio para colocación de placas solares fotovoltaicas sobre edificación auxiliar nos termos da documentación técnica achegada e que consta no expediente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001103300NH43G, emprazada en Piñeiro, 1 - Illobre (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte e tres euros con setenta e seis céntimos (#123,76#).

2.2.- Instancia núm. 202300000000372 de don Manuel Mougán Bouzón. (Expediente número 2023/U022/000017)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de renovación de cuberta de edificación auxiliar, de aproximadamente 78 m<sup>2</sup> en planta, consistente en retirar a



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



tella existente e colocar uralita e tella do país en Fufín, 3 - Vedra (expediente núm.: 2023/U022/000017), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. (N-1)”, segundo o vixente PXOM cun presuposto de execución material de 4.157,54 euros,

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 00301000NH43E.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre a intervención por afectar a un ben do patrimonio cultural de Galicia. Expediente: 1148/23. B-71 do catálogo do vixente PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación achegada e á autorización outorgada por patrimonio cultural, sen que se poidan alterar as actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

2.3.- Comunicación de obra de don Sergio Mata Pina. (Expediente número 2024/U026/000020)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Sergio José Mata Pina para construción de peche perimetral de parcela, de 155 metros de largo, recuarase 6 metros do eixo da vía oeste. A altura da base non será superior a 1,50 metros e a total non superará os 1,80 metros. A base será de bloque, revestido e pintado.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50200583, emprazada en Cornado, 26 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Así mesmo o peche deberá deixar libre a zona de cesión para vías, espazo de titularidade municipal, definido na cesión realizada ante notario na aprobación do expediente de licenza de construción de vivenda número 2018/U022/000003.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de catrocentos seis euros con oitenta céntimos (#406,80#).

2.4.- Instancia núm. 202399900001139 de don Fernando Agra López. (Expediente número 2023/U022/000040)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de soto e planta baixa en Tomonde, 62 - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2023/U022/000040), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, sendo Ramón Otero Saavedra o arquitecto técnico e coordinador de seguridade e saúde, e un presuposto de execución material de 161.254,32 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m <sup>2</sup> )	300,00	600,00	(1)(2)	<b>1111,35</b>
Parcela bruta total (m <sup>2</sup> )				-
Cesións regularización vías (m <sup>2</sup> )	A aliñación	A aliñación		-
Edificabilidade máxima (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,40	0,30 (333,41m <sup>2</sup> )		<b>254,57 &lt; (333,41m<sup>2</sup>)</b>
Ocupación máxima (%)	50	40 (444,54)		<b>292,22 &lt; 444,54</b>
Aliñación (m)	Plan. / 6,00 eixo	Aliñación / >3,00		<b>Aliñación</b>
Recuamentos (m)	>3,00	>3,00	(3)	<b>3,00</b>
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 7,00	(4)	<b>SS+1/5,95</b>
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		<b>Viv. unifamiliar</b>

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50703041.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández con número de visado 2305987/4, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- A zona de cesión para vías haberá de quedar ao mesmo nivel ca vía municipal e estar debidamente inscrita no rexistro da propiedade a favor do concello de Vedra.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así coma do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): tres mil douscentos vinte e cinco euros con nove céntimos (#3.225,09#).



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



-Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.5.- Instancia núm. 202499900000104 de Mar de Frades, SLU. (Expediente número 2024/U024/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para actuacións de movemento de terras e acondicionamento de terreo (13,29 ha) para plantación de viñado en espaleira en Ramonde - Sales (San Xián) (expediente núm.: 2024/U024/000001), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección forestal. (R-3)”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por José Constenla Pego, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 002101000NH4.

Dáse conta das seguintes autorizacións e informes sectoriais para as actuacións solicitadas:

- Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, sostibilidade e cambio climático, pola que se formula o informe de impacto ambiental do proxecto de cambio de uso de forestal a agrícola dunha parcela na parroquia de San Xián de Sales, no concello de Vedra (A Coruña), promovido por Mar de Frades, SLU (Clave 2022/0120).
- Resolución da Dirección Xeral de Ordenación Forestal de cambio de actividade de forestal a agrícola, solicitado por Mar de Frades, SLU. Referencia: CFA 047/2022 – Servizo de Montes
- Resolución da Deputación Provincial de A Coruña, Servizo de Vías e Obras, de autorización de obra para acondicionamento de terreo para plantación de viñado na DP8203 – Vedra a Ponte de Santa Lucía, P.K. 5+215 marxe dereita. Expediente: 2024000002527.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, debendo as obras ou actuacións axustarse e atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras e actuacións será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José Constenla Pego de data 31/01/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Axustaranse ás condicións e consideracións dos informes e autorizacións sectoriais que constan no expediente.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Non se afectará ningún elemento das vías ou espazos públicos (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo Concello. O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, movemento de maquinaria, etc. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberán reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar a vías públicas.

As obras ou actuacións deberán cumprir as disposicións da normativa sectorial que lle resulten de aplicación e nos termos das autorización outorgadas.

3º.- Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil setecentos tres euros con sesenta e sete céntimos (#3.703,67#).

2.6.- Comunicación de obra de Cabañas de Siradella, S.L. (Expediente número 2024/U026/000016)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Jorge Couceiro Dorelle, en representación de Cabañas de Siradella, SL, para peche de parcelas, con malla gandeira, de 1,50 metros de alto e 990 metros de largo, cunha altura que non superará o 1,80 m. e recuándoo 6 metros do eixe da vía nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jorge Couceiro Dorelle en calidade de enxeñeiro técnico forestal e de data 08/03/2024.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50701950, 15090A50701951, 15090A50701952, 15090A50701953 15090A50701954 15090A50701955, emprazadas en Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Rústico de especial protección forestal (R-3) e Rústico de especial protección agrícola (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de euros douscentos corenta e tres euros con trinta e un céntimos (#243,31#).

2.7. Instancia número 202499900000232 de dona Guadalupe Ferreiro Martínez. (Expediente número 2023/U022/000012)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada achega proxecto de execución de rehabilitación de edificación para dúas vivendas - BA e 1A en Ponte Ulla, 14 - Ponte Ulla (expediente núm.: 2023/U022/000012), en solo cualificado como “Urbano. Plan Especial de Ponte Ulla”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Eugenio Torreira Pais, en calidade de arquitecto, sendo Carlos Uzal Cabanas o arquitecto técnico e coordinador de seguridade e saúde.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 21/12/2023 concedeu licenza para as obras descritas achegándose agora o proxecto de execución preceptivo, número de visado 2400720,2 de data 14/02/2024, así coma oficios de dirección.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Á vista do contido do expediente e do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais considérase que se dá cumprimento ao requirido no acordo de data 21/12/2023 en canto ao seu punto 2º parágrafo segundo.

2.8.- Instancia núm. 202499900000281 de dona Purificación Junquera Enjamio. (Expediente número 2024/U023/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza de demolición de construcións auxiliares (132,79 m<sup>2</sup> a demoler) en Viño grande -Illobre (San Andrés) (expediente núm.: 2024/U023/000001), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. N-1”, segundo o vixente PXOM, e nos termos da documentación técnica achegada asinada por María Raquel Pereira Ponte, en calidade de arquitecta técnica, que cumpre, dende o punto de vista técnico o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente do Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 002102400NH43G.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións axustarse ás seguintes condicións:

1º.- As actuacións comezarán nun prazo máximo de 6 meses dende que fose notificado o outorgamento da licenza, e finalizarán nun prazo máximo de 3 anos. Poderanse solicitar prorrogas dos referidos prazos consonte ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nas condicións impostas polo artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º.-. As obras ou actuacións axustaranse ás seguintes condicións:

-Executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 09/02/2024 e baixo a supervisión de dirección facultativa formada por técnicos competentes, nos termos que establece a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

-Entenderase concedida a licenza sen prexuízo a terceiros e salvando o dereito de propiedade.

-Deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co artigo 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

-Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirose o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

-Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



-Disporanse os medios auxiliares necesarios para non afectar nin provocar prexuízo ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

-Non se afectará a ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo concello.

-Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento e explotación das redes de auga e saneamento así como de gas ou electricidade, co fin de que non se afecte ao óptimo funcionamento destes servizos.

-O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, trasfega de maquinaria, etc.

-As obras cumprirán ademais as disposicións do código técnico da edificación que lle resulten de aplicación, debendo garantirse o seu cumprimento durante a execución.

3º.- Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos cincuenta e nove euros con vinte e seis céntimos (#359,26#)

2.9.- Instancia núm. 202499900000278 de dona Purificación Junquera Enjamio. (Expediente número 2024/U023/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza de demolición de peche de parcela, formado por base de bloque e arame, en Viño grande - Illobre (San Andrés) (expediente núm.: 2024/U023/000002), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. (N-1)”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do documentación técnica achegada asinado por Raquel Pereira Puente, en calidade de arquitecta técnica, que cumpre, dende o punto de vista técnico o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente do Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002102400NH43G.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- As actuacións comezarán nun prazo máximo de 6 meses dende que fose notificado o outorgamento da licenza, e finalizarán nun prazo máximo de 3 anos. Poderanse solicitar prórrogas dos referidos prazos consonte ao disposto no artigo. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nas condición impostas polo artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 20/03/2024 e baixo a supervisión de dirección facultativa formada por técnicos competentes, nos termos que establece a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

-Entenderase concedida a licenza sen prexuízo a terceiros e salvando o dereito de propiedade.

-Deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co artigo 3 do mesmo R.D.





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

-Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

-Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil

-Disporanse os medios auxiliares necesarios para non afectar nin provocar prexuízo ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

-Non se afectará a ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo concello.

-Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento e explotación das redes de auga e saneamento así como de gas ou electricidade, co fin de que non se afecte ao óptimo funcionamento destes servizos.

-O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, trasfega de maquinaria, etc.

-As obras cumprirán ademais as disposicións do código técnico da edificación que lle resulten de aplicación, debendo garantirse o seu cumprimento durante a execución.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.10.- Instancia núm. 202499900000280 de dona Purificación Junquera Enjamio. (Expediente número 2024/U022/000008)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de desprazamento de hórreo en Viñogrande - Illobre (San Andrés) (expediente núm.: 2024/U022/000008), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. (N-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por María Raquel Pereira Puente, en calidade de arquitecta técnica e un presuposto de execución material de 7.100,00 euros. Os parámetros de aplicación á edificación reflíctense no seguinte cadro:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m <sup>2</sup> )	300,00	600,00	(1)(2)	3358,90
Parcela bruta total (m <sup>2</sup> )				5490,43
Cesións regularización vías (m <sup>2</sup> )	A aliñación	A aliñación		-
Edificabilidade máxima (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,40 (1343,56)	0,30		232,31 < (1343,56)
Ocupación máxima (%)	50 (1679,45)	40		140,42 < 1679,45
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		> 3,00 m
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 7,00	(4)	3,21



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		<b>Edificación auxiliar-horreo</b>

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 002102400NH43G0001IJ.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 02/12/2023 (expediente 1476/23) con condicións, para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM. A autorización de patrimonio emítese tanto para o traslado do hórreo como para unha licenza de parcelamento solicitada, e condiciona a autorización para o parcelamento ao traslado efectivo do hórreo.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia á interesada. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por María Raquel Pereira Ponte, de data 04/09/2023, e ás condicións sinaladas no informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicitan e obteñen as autorizacións expresas para tal alteración.

Logo de efectuado o traslado darase conta tanto ao concello coma ao órgano autonómico competente.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

### 2.11.- Comunicación de obra de ACEGA, S.,A. (Expediente número 2024/U026/000003)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Luís Meiriño Vieites, en representación de ACEGA C.E.S.A, para instalación dun sistema de xeración de enerxía eléctrica para autoconsumo sen actividade comercial, de 23,86 kWp en CC en paneis e xeración de 20,0 Kwp en CA, composta por 43 módulos fotovoltaicos de 555 Wp cada un, instalados na cuberta de edificio nos termos da documentación técnica achegada asinada por Luis Meiriño Vieites en calidade de enxeñeiro industrial e de data 15/01/2024.

Dáse conta da autorización outorgada pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de data 22/02/2024, expediente referencia: REGAGE24e00005220339 .

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50709261, emprazada en Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Rústico de especial protección de infraestruturas. (R-4), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada, á autorización outorgada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincocentos cincuenta euros con trinta e catro céntimos (#550,34#).

### 2.12.- Comunicación de obra de ACEGA, S.A. (Expediente número 2024/U026/000004)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Luís Meiriño Vieites, en representación de ACEGA C.E.S.A, para instalación dun sistema de xeración de enerxía eléctrica para autoconsumo sen actividade comercial, planta de produción de enerxía fotovoltaica de 11,10 kWp en CC en paneis e xeración de 10 Kwp en CA, composta por 20 módulos fotovoltaicos de 555 Wp cada un, instalados sobre cuberta de edificación e un inversor de 10 Kwep en CA de potencia máxima nos termos da documentación técnica achegada asinada por Luis Meiriño Vieites en calidade de enxeñeiro industrial e de data 15/01/2024.

Dáse conta da autorización outorgada pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia de data 22/02/2024, expediente referencia: REGAGE24e00005219898 .

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50309999, emprazada en Vedra (Santa Baía) AP-53, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección de infraestruturas (R-4), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada, á autorización outorgada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos sesenta e cinco euros con cincuenta e catro céntimos (#265,54#).

2.13.- Comunicación de obra de don Manuel Morao Rey. (Expediente número 2024/U026/000022)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Morao Rey para substitución na cuberta de tella curva existente por unha tella nova curva de cor vermello, asentada sobre as placas de fibrocemento existentes e recibidas con ganchos de aceiro inoxidable e cordón de espuma de poliuretano. Colocación de caleiros e baixantes de aluminio lacado.

Montaxe de estadas metálicas homologadas nas fachadas e retirada de entullos, nos termos da documentación achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001705100NH44A, emprazada en Nande, 36 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos oito euros con setenta céntimos (#208,70#).

2.14.- Comunicación de obra de dona Pilar Lema Barral. (Expediente número 2024/U026/000019)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Pilar Lema Barral para peche de parcela de 125 metros de largo, con base de formigón enterrada, postes e arame, cunha altura máxima de 1,80 metros e recuando 6 metros do eixo da vía. Comprométese a retirar o peche no caso de ser requirida por desenvolvemento do SUD-6 establecido no vixente PXOM e sen dereito a indemnización.

Dáse conta da autorización outorgada por Augas de Galicia no expediente DH.W15.98817.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 7165809NH4376N, emprazada en Galegos, 9 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como urbanizable delimitado (SUD-6), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada, á autorización outorgada e aos datos comunicados.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincenta euros (#50,00#).

2.15. Instancia núm. 202399900000461 de dona Sandra Souto Louzao. (Expediente número 2023/U052/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, expón que con data do 26/10/2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para acondicionamento planta baixa a vivenda en Socastro, 4 - Ribadulla (San Mamede), referencia catastral da parcela 000700800NH43F0001HI, (licenza número 2022/U026/000018), nos termos do proxecto achegado e asinado por Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a primeira ocupación da edificación obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (expediente: 2023/U052/000001) e aproba a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de sesenta euros (#60,00#).

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.16.- Instancia núm. 202399900000219 de don Marcos Fernández López. (Expediente número 2023/U022/000013)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de adecuación e cambio de uso de edificación existente para uso vivenda unifamiliar en Matelo, 26 - Sales (San Xián) (expediente núm.: 2023/U022/000013), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Abelardo Díaz Pérez, en calidade de arquitecto e un presuposto de execución material de 32.600,00 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 001103200NH44A.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Abelardo Díaz Pérez Arquitecto número de visado 400377,2, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindadeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, como é o caso.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): seiscientos cincuenta e dous euros (#652,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.17.- Instancia número 202499900000230 de Viuda de Parada y J. Alvela, S.L. (Expediente número 2023/U022/000019)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada achega proxecto de execución de construción de adega-destilería, de 80,60 m<sup>2</sup>, para licores e xenebra en Dozar, 4 - Sarandón (San Miguel) (expediente núm.: 2023/U022/000019), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José Manuel Diego Durán, en calidade de arquitecto.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 06/06/2023 no seu punto 3.2. ratificou a resolución número 358/2023, de data 26/05/2023, de concesión de licenza de obras de construción de adega-destilería de 157,40 m<sup>2</sup> e planta baixa, para licores e xenebra en Dozar - Sarandón (San Miguel) achegándose agora o proxecto de execución preceptivo, número de visado 2401240/2, así como memoria da actividade co mesmo número de visado, se ben o proxecto de execución contempla modificacións na superficie construída pasando de 157,40 m<sup>2</sup> a 80,60 m<sup>2</sup> e o presuposto de 89.516,00 euros a 53.835,00 euros.

Á vista do contido do expediente e do informe emitido para os efectos polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- O prazo para a finalización das obras será de tres anos a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento do prazo sinalado determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia á interesada. Poderá prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José Manuel Diego Durán número de visado 2401240/2, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración. Deberá achegarse oficio de dirección de execución e coordinación.

3º.- Mantense o contido do punto segundo da resolución da alcaldía número 358/2023.

4º.- Tómase coñecemento da actividade de adega-destilería para licores e xenebra nos termos da memoria achegada asinada polo mesmo técnico e co mesmo número de visado. Previo ao inicio efectivo da actividade deberase achegar comunicación de inicio de actividade acompañada das autorizacións sectoriais oportunas, declaración responsable, final de obra e boletíns dos instaladores que sexan precisos.

5º.- Á vista da modificación do presuposto de execución achegado e tendo en conta que, coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras, queda pendente de liquidación definitiva do mencionado imposto.

2.18.- Instancia núm. 202499900000185 de don Juan José Guerra Rodríguez. (Expediente número 2024/U052/000002)

Dáse conta da citada instancia na que Juan José Guerra Rodríguez e Raquel Almazán Ortega, expoñen que con data do 10/03/2020 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza para construción de vivenda unifamiliar en Pousada de Abaixo, 18 - Vedra, referencia catastral da parcela 000803700NH43E, (licenza número 2018/U022/000025), nos termos do proxecto achegado e asinado por Natalia Lorenzo Mena en calidade de arquitecta, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a primeira ocupación da edificación obxecto do expediente.

Dáse conta tamén que se achega escritura notarial número 1849 de data 22/06/2021 formalizando a cesión para vías prevista na lei e aceptada co acordo de concesión da licenza para a regularización da vía, de 253 m<sup>2</sup>.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (expediente.:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2024/U052/000002) e aproba a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

Así mesmo acorda a aprobación da liquidación definitiva do imposto sobre construcións, instalacións e obras á vista da certificación final da liquidación da obra executada que se anexa ao presente acordo.

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.19.- Instancia núm. 202399900001170 de Sategapor. (Expediente número 2023/U022/000041)

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 184/24, de data 27 de marzo, cuxo texto íntegro é o seguinte:

“Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de rehabilitación edificación para adega elaboración viño en Corbeixe - Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2023/U022/000041), en solo cualificado como “De fincas singulares en solo de núcleo rural. (N-3)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Rafael Señarís González, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e un presuposto de execución material de 355.673,00 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50710086.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 12/03/2024 (expediente: 3584/23), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio e ámbito catalogado polo vixente PXOM debendo cumprirse as condicións sinaladas no informe.

En virtude das facultades que me outorga o artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación de aplicación,

RESOLVO, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia á interesada. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Rafael Señarís González, número de visado CO-20231159, de data 01/12/2023, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Previo ao inicio das actuacións deberá achegarse oficio de dirección de obra.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Dáse conta tamén da comunicación de actividade presentada para adegas elaboración de viño, no mesmo emprazamento e definida na documentación técnica achegada e asinada polo mesmo técnico.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): sete mil cento trece euros con corenta e seis céntimos (#7.113,46#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza.

Previo ao inicio efectivo da actividade, deberá achegar comunicación de inicio de actividade acompañada das autorizacións sectoriais oportunas, certificación final da obra e boletíns dos instaladores que sexan precisos.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira utilización deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

3º.- Notificar o contido desta resolución aos interesados no expediente e dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.”



A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a citada Resolución da Alcaldía.

### **3º.- Aprobación inicial dos padróns fiscais de taxas do exercicio 2024.**

3.1.- Padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados cos hixiene pública (Expediente núm. 2023/X999/000090)

Estando en vigor neste Concello para a realización do Padrón fiscal anual da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública a Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004, modificada por acordo plenario de data 26/10/2023, BOP núm. 243 do 22/12/2023.

Examinado o expediente 2023/X999/000090, que contén a documentación para a formación e tramitación do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do ano 2024, dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no pasado exercicio 2023, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2024, con base no seguinte:

Primeiro: O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 12/03/2024 (punto 4º da orde do día), relativo ao recoñecemento -por delegación do Pleno- do dereito de redución da cota tributaria a 9 contribuíntes acollidos ao disposto no artigo 8.1 da Ordenanza (Expdte. electrónico 2024/X999/000002)

Segundo: Os 26 expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núm. 727, 728, 751, 753, 758, 761, 838, 845, 858, 853, 854, 855, 861, 872, 875, 909, 910, 930, 942, 989 e 991, ditadas no ano 2023 e núm. 6, 34, 110, 111 e 114 ditadas no 2024).

Terceiro: Dous expedientes de baixa do padrón fiscal do lixo (resolución da Alcaldía núm. 821/2023 e 999/2023).

Cuarto: Un expediente de cambio de epígrafe, local baleiro, a petición do interesado (resolución da Alcaldía 919/2023 de data de 27/11/2023).

Quinto: Dous expedientes de alta no Padrón fiscal do lixo a petición dos interesados (resolución da Alcaldía núm. 756/2023 e 916/2023)

Sexto: As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 27 novas altas a 1de xaneiro de 2024 (Resolución da Alcaldía núm. 91/2024 de data 16 de febreiro de 2024).

Visto o expediente e as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2024, formado con base ao exposto nos puntos anteriores.

**SEGUNDO:** Publicar no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios, na sede electrónica municipal e páxina web do concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de



reclamacións. No caso de non terse presentadas reclamacións no prazo establecido, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo.

### 3.2.- Padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros (Expediente 2023/X999/000091)

Estando en vigor neste Concello para a realización do Padrón fiscal anual da taxa da rede de sumidoiros a Ordenanza fiscal núm. 13, publicada no BOP núm. 160 do 14/07/2004, na súa redacción actual aprobada por acordo plenario de data 26/10/2023, publicado no BOP núm. 243 do 22/12/2023.

Examinado o expediente 2023/X999/000091, que contén a formación e tramitación do padrón fiscal da taxa da rede de sumidoiros do ano 2024, dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no pasado exercicio 2023, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2024, con base no seguinte:

Primeiro: Os 4 expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núm. 842, 846, 859 e 915 ditadas no ano 2023).

Segundo: Un expediente instruído a instancia de parte interesada, de cambio de epígrafe dun establecemento como local baleiro no padrón fiscal da taxa (resolución da Alcaldía núm. 918/2023, de data 27 de novembro).

Terceiro: As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 88 novas altas a 1 de xaneiro de 2024 (resolucións da Alcaldía núm. 59/2024 e 82/2024, de datas 1 e 9 de febreiro, respectivamente).

Visto o expediente e as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa da rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2024, formado con base ao exposto nos puntos anteriores.

**SEGUNDO:** Publicar no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios, na sede electrónica municipal e páxina web do concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións. No caso de non terse presentadas reclamacións no prazo establecido, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo.

### **4º.- Aprobación da xustificación e pagamento das subvencións concedidas para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal de Vedra durante o exercicio 2023**

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 26/01/2023, aprobou a convocatoria e as bases específicas das subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal durante o exercicio 2023, publicándose o extracto no BOP núm. 28/23, de data 09 de febreiro, así como na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios da casa do concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 13/04/2023, de acordo coa proposta da comisión avaliadora das subvencións, en función dos criterios establecidos na base 7ª das reguladoras das mesmas, acordou a concesión das seguintes subvencións:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



SOLICITANTE Nº EXPEDIENTE	OBXECTO	PUNTOS	IMPORTE CONCEDIDO
ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS (G15159601) 2023/A003/000015	XVIII Mostra de Teatro Amador “Teatrofilia”	93	1.381,19
ASOCIACION SOCIOCULTURAL RAICEIROS (G15808645) 2023/A003/000014	Peregrinamento: Educación no Patrimonio	82	1.217,82
ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL AMABUL (G15925209) 2023/A003/00005	Campamento Escautullán Xuvenil 2023	93	1.381,19
ANPA A BOCA DO CPI VEDRA (G15201684) 2023/A003/000004	Escola de Familias da ANPA do CPI de Vedra	62	920,79
ASOCIACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E XUVENIL ACUXUVE (G70481221) 2023/A003/000007	A bote pronto	61	905,94
ASOCIACIÓN CULTURAL A GAITA DE SARADÓN (G70102694) 2023/A003/000016	Concerto. Presentación oficial de traballo discográfico	63	935,64
ANPA VAL DO ULLA DO CRA BOQUEIXÓN –VEDRA (G70132188) 2023/A003/000008	Sesiós divulgación científica	52	772,28
A.C.D. MOTEIR@S VAL DO ULLA (G70194667) 2023/A003/000012	XXIV Concentración Moteira Val do Ulla	67	995,05
ASOCIACIÓN AMIGOS DA CORAL POLIFÓNICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA (G15743123) 2023/A003/000009	Actividades culturais de canto coral 2023	55	816,83
AA.VV SAN PEDRO (G15193798) 2023/A003/000013	San Pedro Cultural 2023	45	668,32
ASOCIACIÓN CULTURAL E DE FESTEXOS O CRUCEIRO DA ULLA (G15587587) 2023/A003/000006	Gundián VIVO 2023	45	668,32
ASOCIACIÓN VECIÑAL UNIÓN E PROGRESO (G15137441) 2023/A003/000011	II Edición Veciñanza á praza	45	668,32
ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES DE SAN JULIÁN (G15812332)	Mellora do Patrimonio Vestuario Propio dos Entroidos da Ulla	45	668,32



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2023/A003/000010		
TOTAL		12.000,00

Rematado o prazo de xustificación establecido na base 13 (do 01-31 de xaneiro de 2024), a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar os seguintes gastos xustificativos para as subvencións para actividades en tempo e forma:

SOLICITANTE Nº EXPEDIENTE	OBXECTO	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE XUSTIFICADO
ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS (G15159601) 2023/A003/000015	XVIII Mostra de Teatro Amador “Teatrofilia”	1.381,19	1.381,19
ASOCIACION SOCIOCULTURAL RAICEIROS (G15808645) 2023/A003/000014	Peregrinamente: Educación no Patrimonio	1.217,82	1.217,82
ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL AMABUL (G15925209) 2023/A003/00005	Campamento Escautullán Xuvenil 2023	1.381,19	1.381,19
ANPA A BOCA DO CPI VEDRA (G15201684) 2023/A003/000004	Escola de Familias da ANPA do CPI de Vedra	920,79	920,79
ASOCIACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E XUVENIL ACUXUVE (G70481221) 2023/A003/000007	A bote pronto	905,94	905,94
ASOCIACIÓN CULTURAL A GAITA DE SARADÓN (G70102694) 2023/A003/000016	Concerto. Presentación oficial de traballo discográfico	935,64	RENUNCIA
ANPA VAL DO ULLA DO CRA BOQUEIXÓN – VEDRA (G70132188) 2023/A003/000008	Sesións divulgación científica	772,28	772,28
A.C.D. MOTEIR@S VAL DO ULLA (G70194667) 2023/A003/000012	XXIV Concentración Moteira Val do Ulla	995,05	995,05
ASOCIACIÓN AMIGOS DA CORAL POLIFÓNICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA (G15743123) 2023/A003/000009	Actividades culturais de canto coral 2023	816,83	816,83



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



AA.VV SAN PEDRO (G15193798) 2023/A003/000013	San Pedro Cultural 2023	668,32	668,32
ASOCIACIÓN CULTURAL E DE FESTEXOS O CRUCEIRO DA ULLA (G15587587) 2023/A003/000006	Gundián VIVO 2023	668,32	668,32
ASOCIACIÓN VECIÑAL UNIÓN E PROGRESO (G15137441) 2023/A003/000011	II Edición Veciñanza á praza	668,32	668,32
ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES DE SAN JULIÁN (G15812332) 2023/A003/000010	Mellora do Patrimonio Vestiaro Propio dos Entroidos da Ulla	668,32	668,32
TOTAL			11.064,37

SEGUNDO.- Que se proceda á súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello e da sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

### 5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de marzo:

DECRET O	DATA	ASUNTO
118	01/03/2024	Acordo de non dividir en lotes a obra de <i>Ampliación da rede de abastecemento á Picón</i> (POS + 2024. Complementario), de acordo co establecido nas bases do plan.
119	01/03/2024	Aprobación recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2024 para a aplicación ao orzamento 2024 e pagamento de xustificantes de gastos vinculados á prestación varias incluídos na relación de facturas F.2024.6 por importe de 27.969,99 euros
120	01/03/2024	Aprobación recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2024 para a aplicación ao orzamento 2024 e pagamento de xustificantes de gastos vinculados á subministración eléctrica, telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2024.4 por importe de 12.616,57 euros
121	01/03/2024	Aprobación recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2024 para a aplicación ao orzamento 2024 e pagamento de xustificantes de gastos vinculados á prestación varias incluídos na relación de facturas F.2024.5 por importe de 66.677,35 euros
122	01/03/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
123	01/03/2024	Alta no padrón municipal de habitantes
124	04/03/2024	Autorización da IX Edición do Duatlón Concello de Vedra – campionato Xunta de Galicia de duatlón contra reloxo por equipos
125	04/03/2024	Alta no padrón municipal de habitantes
126	04/03/2024	Designación membros da Comisión Avaliadora das axudas ao ensino do Concello de Vedra. Curso 2023/2024



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



127	05/03/2024	Alta no padrón municipal de habitantes
128	05/03/2024	Adxudicación contrato de servizos de Xestión do Punto Limpo (Ex. 2024/C002/000001)
129	05/03/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga das instalacións de ACEGA en Feal –San Mamede de Ribadulla
130	05/03/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda sita en Eiravedra, 32- Santa Cruz de Ribadulla
131	05/03/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda sita en Laraño, 51- San Xíán de Sales
132	05/03/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga de Super Ulla, S.L, inmovible sito en Vista Alegre, 12-Ponte Ulla
133	05/03/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda sita en Argunte, 20- San Mamede de Ribadulla
134	05/03/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda sita en Laraño, 52- San Xíán de Sales
135	05/03/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda sita en Paradela, 7- San Xíán de Sales
136	05/03/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga do campo de fútbol de San Mamede
137	06/03/2024	Concesión tarxeta de armas para carabina
138	06/03/2024	Aprobación modificación de créditos 3/2024 na modalidade de xeración de créditos vinculada á subvención para o mantemento do Centro Coworking A Estación (Pel –Rede Coworking 2024)
139	07/03/2024	Alta no servizo de comedor da EIM curso 2023/2024 de JFG
140	07/03/2024	Desestimado alegación ao padrón da taxa de recollida de lixo
141	07/03/2024	Aprobación e orde de pagamento da taxa para a tramitación de autorización de Augas de Galicia para o investimento ampliación da rede de abastecemento en Trasariz e Viño grande
142	08/03/2024	Aprobación listaxe provisional de axudas para o estudo do Concello de Vedra. Curso Escolar 2023/2024
143	08/03/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a Asociación Medioambiental Amabul , prevista no orzamento 2024
144	08/03/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente á mensuralidade de marzo
145	08/03/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación, correspondente á mensuralidade de marzo
146	08/03/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade servizo de madrugadores, correspondente á mensuralidade de marzo
147	11/03/2024	Alta no padrón municipal de habitantes
148	11/03/2024	Aprobación e orde de pagamento da taxa de tramitación en Augas de Galicia de autorización para o investimento Control e eliminación de tradescantia fluminensis na ZEC Sistema Fluvial Ulla – Deza ao seu paso por Vedra.
149	11/03/2024	Aprobación expediente de contrato do servizo de asistencia técnica para a xestión e dinamización do Centro de Emprendemento A Estación – Espazo Coworking do Concello de Vedra (Expediente núm. 2024/C004/000001)
150	12/03/2024	Alta no padrón municipal de habitantes



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



151	13/03/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e o CEIP Ortigueira, prevista no orzamento 2024
152	13/03/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade dependencia, correspondente á mensualidade de febreiro
153	13/03/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade libre concorrencia, correspondente á mensualidade de febreiro
154	13/03/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e o Club Escolas Deportivas de Vedra , prevista no orzamento 2024
155	13/03/2024	Aceptando alegación contra do padrón da taxa por rede de sumidoiros por non poder conectarse á rede municipal
156	15/03/2024	Designación Vogal 4º na Mesa de Contratación da subministración de electricidade de instalacións do Concello de Vedra (Expediente núm. 2024/C005/000001)
157	15/03/2024	Designación Vogal 4º na Mesa de Contratación da subministración de Composteiros, aireadores e termómetros, con cargo á subvención para proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a compostaxe doméstica ou comunitaria –Fondos NexGenerationEU) (Expediente núm. 2024/XC005/000002)
158	18/03/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda sita no núm. 12 de Feal – San Mamede de Ribadulla
159	18/03/2024	Incremento do 0,5% do PIB nas retribucións do persoal ao servizo do sector público, previsto no artigo 19.2.a) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, aprobado por Resolución do 07/02/2024 da Secretaria de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se publica o acordo co Consello de Ministros de 06/02/2024
160	18/03/2024	Aprobación e orde de pagamento das nóminas do mes de marzo, correspondentes aos atrasos do mes de xaneiro e febreiro de 2024 e do ano 2023 polo incremento do 0,5%.
161	18/03/.2024	Desestimando recurso de reposición interposto contra o expediente de estabilización da praza de conserxe –operario de servizos varios
162	19/03/2024	Alta no padrón municipal de habitantes
163	19/03/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
164	20/03/2024	Solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal
165	21/03/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
166	21/03/2024	Aprobación recoñecemento extraxudicial de créditos 4/2024 para a aplicación ao orzamento 2024 e pagamento de xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería –Ferretería El Sol, S.L incluídos na relación de facturas F.2024.7 por importe de 218,22 euros
167	21/03/2024	Alta no padrón municipal de habitantes
168	21/03/2024	Alta no padrón municipal de habitantes
169	22/03/2024	Aprobación recoñecemento extraxudicial de créditos 5/2024 para a aplicación ao orzamento 2024 e pagamento de xustificantes de gastos vinculados á prestación varias incluídos na relación de facturas F.2024.8 por importe de 3.802,56 euros





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



170	22/03/2024	Aprobación listaxe definitiva axudas ao ensino do Concello de Vedra. Curso escolar 2023/2024
171	22/03/2024	Aprobación indemnización ao técnico da Mesa de Contratación do servizo de Xestión do Pavillón Municipal
172	22/03/2024	Aprobación de reintegro de importe non xustificado da subvención para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural 2023) por importe de 289,26 euros
173	25/03/2024	Aprobación solicitude de cancelación da operación de crédito a curto prazo (póliza) por importe de 200.000 euros concertada coa finalidade de cubrir os desfases transitorios de tesouraría e dotar ao Concello dunha liquidez que lle permitira facer fronte a súas obrigas e cumprir co período medio de pagamento á causa da execución dos investimentos financiados polo IDAE: Substitución da cuberta e colocación de illamento mediante fachada ventilada na gardería municipal e substitución de envoltivo do pavillón polideportivo municipal
174	25/03/2024	Aprobación e orde de pagamento das nóminas do mes de marzo
175	25/03/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados ao pagamento pendentes de aplicar ao orzamento, incluídos na relación de facturas F.2024.10 por importe de 5.019,99 euros
176	25/03/2024	Concesión praza Programa Conxuga, curso 2023/2024 a VSC
177	25/03/2024	Concesión duplicado tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade , por deterioro, a ACF
178	26/03/2024	Aprobación certificación núm. 1 da obra de <i>Ampliación da rede de abastecemento a Viño grande e Trobe</i> e factura correspondente da empresa adxudicataria, Construcciones González y González, S.L, por importe de 39.648,40 euros
179	26/03/2024	Aprobación certificación núm. 1 da obra de Colectores de saneamento en Fontao e factura correspondente da empresa adxudicataria, Construcciones Caldevergazo, S.L, por importe de 3.197,88 euros
180	26/03/2024	Aprobación e orde de pagamento da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico – uso privativo ano 2024
181	26/03/2023	Solicitude de subvención á Axencia de Turismo de Galicia para <i>Proxecto de sinalización turística do Concello de Vedra. Ano 2024</i>
182	26/03/2024	Alta no padrón municipal de habitantes
183	27/03/2024	Clasificación ofertas e requirimento mellor clasificado, Gas Natural, S.A, licitación contrato de subministración de electricidade das instalacións do Concello de Vedra (Expediente núm. 2024/C005/000001)
184	27/03/2024	Concesión de licenza para obras de rehabilitación de edificación para adega de elaboración de viño en Corbeixe – San Mamede de Ribadulla
185	27/03/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e o CPI de Vedra , prevista no orzamento 2024

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### 6º.- Outros asuntos.

#### 6.1.- Aprobación prezo público Campamentos de Verán 2024



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Á vista de que o Concello de Vedra, a través do departamento de Xuventude, organiza unha nova campaña de campamentos de verán para o ano 2024, e á vista da documentación que obra no expediente, a Xunta de Goberno acorda:

**Primeiro:** Aprobar o prezo público dos campamentos de verán do ano 2024 que se achega como Anexo I á presente acta.

**Segundo:** Proceder á súa publicación na páxina web do Concello e na sede electrónica.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.



## ANEXO I

### APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO CAMPAMENTOS DE VERÁN 2024

#### Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ao servizo de campamentos de verán do ano 2024 nas seguintes modalidades:

- Minicampamento de aventura: para nados e nadas en 2013, 2014 e 2015.
- Campamento de Mar: para nados e nadas en 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.

#### Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Os pais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos aos que se refire o artigo anterior.

#### Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada campamento é:

Minicampamento de aventura	130 €
Campamento de Mar	195 €

#### Artigo 4. Normas de xestión.

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición no campamento. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez finalizado o prazo de presentación de inscricións e previamente ao comezo do campamento.

#### Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado o campamento.
2. Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa de enfermidade.

#### Artigo 6. Lexislación aplicable.

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.